



SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Acta de constitución do tribunal cualificador e valoración de méritos

Categoría: Peón condutor de Brigada de incendios (Ampliación)

(Nº postos de traballo que se convocan: 1)

SARA GONZÁLEZ PRIETO (1 para 1)
Data de Sinatura: 06/08/2024
HASH: df5c562678b32bceaf6de71248a7bec004



No Salón de Plenos da Casa do Concello do Pereiro de Aguiar, sendo as 12:15 horas do día 05 de agosto de 2024, procédeuse á constitución do Tribunal que vulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **dun/ha (1) praza de peón condutor de brigada de incendios (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 16 de maio de 2024, e posteriormente publicadas no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 24 de maio de 2024.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data 02 de agosto de 2024.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Membros	Identidade
Presidente/a	José Antonio Cerdeira Pérez
Secretario/a	Sara González Prieto
Vogal	José Antonio González Gallego
Vogal	José Antonio Pereira Rodríguez

A continuación procédeuse á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

1. Méritos Profesionais.- Máximo 8 puntos.

A) **EXPERIENCIA PROFESIONAL:** ata un máximo de 5 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de **vida laboral actualizada** expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e **copia dos contratos de traballo** ou certificados das empresas. A experiencia que non se





considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) **FORMACIÓN:** Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 3 puntos.

- | | | |
|----|--------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 50 horas: | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 20 e 50 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 20 horas: | 0,10 puntos/curso |

A formación dos/as traballadores/as acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resulta o seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL PUNTOS
1	García Freire, Alejandro	****6724*	Non	0,00	2,70	2,70
2	Pereira Iglesias, José Antonio	****3700*	Si	0,00	0,20	0,20

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de concurso – oposición, que consistirá na realización dunha entrevista curricular (no día da data) sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no Temario (Artigo 8 das bases).

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 12:20 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

A secretaria,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

